

1.Proposta_ao_Plano	2
2.Infor_fiscal	3
3.Certif_aprob_inic_modif_bases	5



Ao Pleno da Mancomunidade

ASUNTO: MODIFICACION DA BASE 12ª.2 DAS BASES DE EXECUCIÓN DO ORZAMENTO DE 2024.

A base número 12ª. 2 do vixente Orzamento de 2024 da Mancomunidade establece que *“Por asistencia a sesións dos Órganos de goberno aboarase a cantidade de 24 euros.”*

Esta cifra permaneceu estática durante décadas, polo que se encontra totalmente desfasada respecto ao contexto económico, e a prol da proporcionalidade desta indemnización; pero ademais non se axusta á realidade da Mancomunidade, cuxa execución de gasto se multiplicou por 15 desde o ano 2010. Tendo en conta a crecente responsabilidade legal que asumen os membros do Pleno polo acordos adoptados neste órgano, considerouse necesario adecuar esta cifra, para o cal se toman como referencia os importes percibidos pola asistencia a órganos colexiados doutras administracións análogas.

Por todo o anterior, PROPONSE a adopción do seguinte acordo, condicionado á aprobación do correspondente expediente de modificación de crédito:

1. Modificar a base 12ª.2 das bases de execución do Orzamento Xeral, que quedaría nos seguintes termos: *“Por asistencia dos membros da Mancomunidade a sesións dos Órganos de goberno aboarase a cantidade de 180 euros, con efectos desde o 1 de xaneiro de 2024.”*
2. Esta cifra actualízase anualmente con ocasión da aprobación do orzamento.
3. Consonte o establecido nos artigos 177.2 e 169.1 do texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, aprobado no RDL 2/2004, de 5 de marzo, o presente acordo exporase ao público polo prazo de 15 días hábiles, contados a partir do seguinte ao da publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia, para que se poidan presentar as reclamacións que se consideren oportunas, que se dirixirán ao presidente da Mancomunidade de Concellos da Comarca de Ferrol. No suposto de que non se presenten reclamacións, considerarase aprobado definitivamente esta modificación das bases de execución do Orzamento Xeral.

Ferrol, na data da sinatura electrónica.

O presidente da Mancomunidade

OBXECTO DO EXPEDIENTE: PROPOSTA AO PLENO DA MODIFICACIÓN DA BASE DECIMO SEGUNDA DAS BASES DE EXECUCIÓN DO VIXENTE ORZAMENTO DE 2024 RELATIVA Á FIXACIÓN DOS IMPORTES DE ASISTENCIAS AOS PLENOS DOS MEMBROS DA MANCOMUNIDADE

Nº EXPEDIENTE CÍVIDAS: 2024005953

FISCALIZACIÓN LIMITADA PREVIA

Conforme ao artigos 214 e seguintes do RD Lexislativo 2/2004, anexo I das bases de execución do orzamento de Ferrol (relativo aos extremos a comprobar na fiscalización limitada previa) e no RD 424/2017, do 28 de abril, polo que se regula o réxime xurídico do control interno das entidades do Sector Público, procede a fiscalizarse os seguintes extremos:

1º. Extremos de xeral comprobación:

Ref. Lex.	EXTREMOS	COMPROBACIÓN QUE SE FAI
Art. 13.2.a) RD 424/2017 Art. 172 y 176 RDLeg. 2/2004	1. Existencia de crédito orzamentario, e que o proposto é o adecuado á natureza da obriga que se pretende contraer.	Condicionado á aprobación definitiva e entrada en vigor do modificado de crédito que, previamente a este expediente, debe ser inicialmente aprobado polo pleno da Mancomunidade
Art. 13.2.a) RD 424/2017 Art. 173.6 RDLeg. 2/2004	2. Ao tratarse de gastos con financiamento afectado, que os recursos que os financian son executivos e que se acredita a súa efectividade coa existencia de documentos fehacientes.	Non é o caso
Art. 13.2.a) RD 424/2017 Art. 174 RDLeg. 2/2004 Art. 79 y sig. RD 500/1990	3. Ao tratarse de gastos de carácter plurianual, que se cumpre o preceptuado no artigo 174 del RDLeg. 2/2004.	Non é o caso
Art. 13.2.a) RD 424/2017 Art. 173.6 y 174.1 RDLeg. 2/2004	4. Ao tratarse de tramitación anticipada sin financiamento afectado, que se inclúe a subordinación da autorización do gasto ao crédito para o exercizo no cal se autorice no presuposto.	Non é o caso
Art. 13.2.a) RD 424/2017 Art. 173.6 y 174.1 RDLeg. 2/2004	5. Ao tratarse de tramitación anticipada con financiamento afectado, que se inclúe a subordinación da autorización do gasto ao crédito para o exercicio no cal se autorice no presuposto e á firmeza do financiamento.	Non é o caso
Art. 13.2.b) RD 424/2017 Art. 185 RDLeg. 2/2004	6. Que o gasto se xera por órgano competente.	O órgano competente para aprobar é o Pleno Municipal de acordo co disposto no artigo 75 da Lei 7/1985.

2º Extremos adicionais:

Ref. Lex.	EXTREMOS	COMPROBACIÓN QUE SE FAI
Art. 13.2 RD 424/2017 Art. 172/175 ROF	1. Que figura no expediente informe proposta do xestor en relación ao acordo ou resolución que se propón adoptar, no que se manifesta a adecuación desta á normativa aplicable.	Consta proposta asinada polo Alcalde en data 08/02/2024
Art. 13.2 RD 424/2017 Art. 75 Lei 7/1985	2. Que cumpre coa normativa reguladora desta materia.	Cumpre

CONCLUSIÓNS. Emítase informe favorable ao respecto dos extremos sinalados.

(*) A fiscalización vai condicionada a que se aprobe polo Pleno da Mancomunidade, previamente e en punto anterior e separado, a modificación orzamentaria (suplemento de crédito) para habilitar crédito necesario e suficiente para todo o exercicio para atender as asistencias de todos os plenos cos novos importes propostos neste expediente.

A entrada en vigor e aplicación destas novas asistencias virá condicionada pola aprobación e entrada en vigor definitivamente da modificación orzamentaria incluída tamén na mesma orde do día.

Ferrol, na data que consta na sinatura dixital

D. Leopoldo Moure García, SECRETARIO XERAL DA MANCOMUNIDADE DE CONCELLOS DA COMARCA DE FERROL, CERTIFICA:

Que no pleno da Mancomunidad de do 19/02/2024 se adoptou o seguinte acordo:

“5. Aprobación da Modificación da base 12ª.2 das bases de execución do Orzamento Xeral (expediente 2024005953).

Examinada a proposta da Presidencia do 08/02/2024 cuxo teor literal é o seguinte:

“Ao Pleno da Mancomunidad

ASUNTO: MODIFICACION DA BASE 12ª.2 DAS BASES DE EXECUCIÓN DO ORZAMENTO DE 2024.

A base número 12ª. 2 do vixente Orzamento de 2024 da Mancomunidad establece que “Por asistencia a sesións dos Órganos de goberno aboarase a cantidade de 24 euros.”

Esta cifra permaneceu estática durante décadas, polo que se encontra totalmente desfasada respecto ao contexto económico, e a prol da proporcionalidade desta indemnización; pero ademais non se axusta á realidade da Mancomunidad, cuxa execución de gasto se multiplicou por 15 desde o ano 2010. Tendo en conta a crecente responsabilidade legal que asumen os membros do Pleno polo acordos adoptados neste órgano, considerouse necesario adecuar esta cifra, para o cal se toman como referencia os importes percibidos pola asistencia a órganos colexiados doutras administracións análogas.

Por todo o anterior, PROPONSE a adopción do seguinte acordo, condicionado á aprobación do correspondente expediente de modificación de crédito:

1. Modificar a base 12ª.2 das bases de execución do Orzamento Xeral, que quedaría nos seguintes termos: “Por asistencia dos membros da Mancomunidad a sesións dos Órganos de goberno aboarase a cantidade de 180 euros, con efectos desde o 1 de xaneiro de 2024.”
2. Esta cifra actualizarase anualmente con ocasión da aprobación do orzamento.
3. Consonte o establecido nos artigos 177.2 e 169.1 do texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, aprobado no RDL 2/2004, de 5 de marzo, o presente acordo exporase ao público polo prazo de 15 días hábiles, contados a partir do seguinte ao da publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia, para que se poidan presentar as reclamacións que se consideren oportunas, que se dirixirán ao presidente da Mancomunidad de Concellos da Comarca de Ferrol. No suposto de que non se presenten reclamacións, considerarase aprobado definitivamente esta modificación das bases de execución do Orzamento Xeral”

Previa deliberación, a Corporación, en votación ordinaria e coa abstención da alcaldesa de Narón, acordou aprobar a proposta da Presidencia transcrita.”

E para que conste aos efectos oportunos, expido o presente certificado co visto e praxe do Presidente da Mancomunidad, coa salvedade que establece o artigo 206 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, por el que se aprueba el Reglamento de Organización, Funcionamiento y Régimen Jurídico de las Entidades Locales.

Ferrol, na data da sinatura electrónica,

O secretario da Mancomunidad,

Leopoldo Moure García

Vº e praxe, o presidente da Mancomunidad,

José Manuel Rey Varela